



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 29 DE MAIO DE 2015

LICENZAS

FAVORABLES.-

LIC/743/2014.- ARTURO MONTAOS OTERO.- Conceder a licenza para executar as obras de rehabilitación e ampliación dunha vivenda unifamiliar no lugar de Pereiras de San Caetano.

LAP/284/2014.- JOSÉ PEREIRA IGLESIAS.- Conceder a licenza para executar as obras de acondicionamento de edificio para 8 apartamentos turísticos, prazas de garaxe e rochos na rúa dos Concheiros nº 5

LIC/1981/2014.- AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA.- Conceder a licenza para executar as obras de rehabilitación dun edificio de oficinas no lugar da Barcia.

DEVOLUCIÓNS DE FIANZA.-

LIC/729/2015.- GESPROCAR, S. L.-

LIC/566/2015.- JESÚS GONZÁLEZ BARCIA.-

LIC/2056/2014.- RAMIRO JESÚS FERREIRO BARCIA.-

LIC/270/2015.- ISABEL MOSQUERA TABOADA.-

LIC/665/2015.- FRANCISCO BUENO CAPEÁNS.-

LIC/521/2015.- JOSÉ REGUEIRO GÓMEZ.-

LIC/522/2015.- OSCAR SALGADO CASTRO

LIC/684/2015.- PURIFICACIÓN CARBALLO PÉREZ.-

LIC/1735/2014.- YOLANDA LÓPEZ SEIJO.-

LIC/239/2015.- ADRIAN SÁNCHEZ GRAMUNT

Lic/633/2015.- FRAPAPE, S. L

LIC/609/2015.- COMUNIDADE DE PROPIETARIOS.-

LIC/238/2015.- CONCEPCIÓN COBAS MALLOU.-.

LIC/504/2015.- AGUSTIN VÁZQUEZ ILLODO.-

LIC/245/2015.- DAVID REGUEIRO TATO

2.- Proposta da concelleira delegada da área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á solicitude de licenza para executar as obras de rehabilitación e ampliación dunha vivenda unifamiliar no lugar de Pereiras de San Caetano. (LIC/743/2014).

3.- Proposta da concelleira delegada da área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á solicitude de licenza para executar as obras de acondicionamento de edificio para 8 apartamentos turísticos, prazas de garaxe e rochos na rúa dos Concheiros nº 5. (LAP/284/2014).

4.- Proposta da concelleira delegada da área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á solicitude de licenza para executar as obras de rehabilitación dun edificio de oficinas no lugar da Barcia. (LIC/1981/2014).

Autorizáronse 3 licenzas:

.-Licenza para rehabilitación e implantación de vivenda unifamiliar en Pereiras-San Caetano (nº 10), cun orzamento de execución de 55.010 euros.

.-Licenza para obras de acondicionamento de edificio para 8 apartamentos turísticos, prazas de garaxe e rochos na rúa dos Concheiros, cun orzamento de execución de 290.000 euros.

.-Licenza á Axencia de Turismo de Galicia para obras de rehabilitación de edificio de oficinas na Barcia, cun orzamento de execución de 473.859 euros.

5.- Propostas da concelleira delegada da área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativas á diversas devolucións de fianzas.

Accedeuse á solicitude de devolución de 15 fianzas formalizadas no seu día como garantía para a urbanización e reposición de servizos de diversas obras en distintos lugares do concello, por un importe conxunto de 47.493 euros.

6.- Proposta da concelleira delegada da área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á devolución de avais en garantía da execución do proxecto de urbanización no ámbito da ordenanza especial OE-5. Galeras-Universidade.

Tomouse coñecemento da formalización da acta de recepción das obras de urbanización do polígono OE-5, que determina o deber de conservación da urbanización a cargo da administración e o inicio do período de garantía dun ano. Tamén se acordou devolverlle os dous avais ingresados por Galeras Entrerríos para responder da urbanización dese polígono por un importe total de 3.206.203 euros, logo de que se acredite a presentación dun novo aval de 137.585 euros para responder do período de garantía da urbanización.

7.- Proposta da concelleira delegada da área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á designación de responsable do contrato administrativo de servizos para a xestión dos expedientes sancionadores por infraccións en materias xestionadas polos servizos integrados na área de Desenvolvemento Urbano Sostible.

Acordouse designar como responsable do contrato administrativo de servizos para a xestión dos expedientes sancionadores por infraccións en materias xestionadas polos servizos integrados na área de desenvolvemento urbano sostible a Rocío Montañés Fernández, xefa do servizo de Contratación, Medio Ambiente e Servizos.

8.- Proposta da concelleira delegada da área de Economía relativa a dar conta dunha subvención para Emprego para contratación de traballadores desempregados.

Acordouse aceptar a subvención da Consellería de Traballo e Benestar para a contratación de 5 persoas ao abeiro da orde autonómica que regula a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras da RISGA para o ano 2015.

O obxecto é fomentar o emprego, no ámbito de colaboración coas entidades locais, contratando a perceptores da RISGA cunha antigüidade mínima de 6 meses, na procura de que obteñan a experiencia e práctica profesional necesarias para facilitar a súa inserción social. Das 5 prazas, 3 son de persoal de conserxería e 2 de peóns, por un período de 7 meses, con xornada laboral do 75%. A subvención é por un importe de 41.742 euros e o Concello deberá achegar 1.050 euros para financiar os custos de indemnización por cesamento de contrato. A contratación do persoal deberá realizarse antes do 18 de xuño de 2015.

9.- Proposta da concelleira delegada da área de Economía relativa á aprobación de texto de convenio coa Deputación para a execución do Plan de Competitividade e encomenda de xestión a Incolsa da súa xustificación.

Aprobouse a sinatura dun convenio de colaboración coa Deputación da Coruña para o financiamento do Plan de Competitividade Turística de Santiago de Compostela 2015 e encomendarlle á empresa municipal Información e Comunicación Local, S.A. (INCOLSA) a xustificación da execución do convenio diante da Deputación, tendo en conta que a citada empresa municipal xa ten encomendadas as accións incluídas nese Plan.

O organismo provincial achega para este Plan turístico, mediante o convenio a subscribir, un máximo de 115.000 euros, cantidade destinada a financiar distintas accións de información, promoción, comunicación e estudos de demanda turística, por un importe total de 143.750 euros, dos que o Concello achega o 20% restante (28.750 euros).

O convenio ten carácter retroactivo abrangendo entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2015, con vixencia ata o 31 de marzo de 2016.

10.- Proposta da concelleira delegada de Educación relativa á aprobación das listaxes definitivas de admitidos, excluídos e listaxe de agarda nas Escolas Infantís Municipais de Conxo, Fontiñas e Meixonfrío-Salgueiriños. Curso 2015-2016.

Aprobouse a listaxe definitiva de admitidos, excluídos e listaxe de agarda nas escolas infantís de Conxo, das Fontiñas e de Meixonfrío-Salgueiriños para o curso 2015-2016.

As prazas vacantes que se ofertan nestas tres escolas ascenden a 119 (38 en Conxo, 33 en Fontiñas e 48 en Meixonfrío-Salgueiriños). Nestas escolas infantís, que atenden nenos de ata 3 anos, o prazo de matrícula vai do 2 de xuño ata o 18 de xuño.

11.- Proposta do concelleiro delegado da área de Réxime Interior e Administración Pública relativa á adxudicación do suministro e implantación dunha solución de renovación dos servidores e outro equipamento para o centro de proceso de datos do Concello.

Acordouse a adxudicación do contrato para o subministro e implantación dunha solicitude de renovación de servidores e outro equipamento para o centro de proceso de datos do Concello de Santiago á empresa Tecnom Telecomunicaciones y Energía, S.A., por un importe de 138.839 euros, por ser a oferta máis vantaxosa das presentadas.

12.- Recoñecemento extraxudicial de créditos.

Acordouse un recoñecemento extraxudicial de crédito para dúas certificacións e a factura de dirección de obra da construción dunha vivenda de realoxo nunha parcela do SUNP-5 na Muíña (San Lázaro). Esta obra fora adxudicada en novembro de 2013 á empresa Construcciones Ángel Jove, S.A., por un importe de 137.522 euros.

(TRÁMITE DE URXENCIA) Aprobouse a modificación do Plan de Formación Continua do Concello para o ano 2015, sen alteración do seu orzamento xeral e especial por áreas.

A modificación afecta á substitución dun curso de “Interpretación musical II” da Banda de Música, por dous cursos da mesma materia; e á substitución da segunda edición do curso de “Tráfico e Seguridade Viaria” da Policía Local, por dúas edicións do curso “Código Penal e Seguridade Cidadá”.

Esta modificacións seranlle comunicadas á Escola Galega de Administración Públicas (EGAP) que colabora no financiamento destas actividades de formación.